Unha vez no complexo medioambiental, colectivos e particulares son atendidos por un equipo de educadores medioambientais que se encargan de proporcionar as oportunas explicacións e de guiar o percorrido. Ao final do mesmo, quen así o desexe, poderá cumprimentar as enquisas de satisfacción en liña a través das cales teñen a oportunidade de cualificar a actividade de Sogama e a visita en si.

Nos últimos anos, preto de 61.000 persoas visitaron a Sociedade Galega do Medio Ambiente.

SUBIR

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policías galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es




Actualidade

A banda de música de Vilagarcía ponlle música á reciclaxe

O musiconto "O Príncipe Lino no reino de Azeleb" quere incrementar a conciencia e a sensibilidade ambiental da poboación a través desta linguaxe universal

Sogama vén de colaborar coa Banda de Música de Vilagarcía de Arousa na representación do "musiconto" sobre a reciclaxe "O Príncipe Lino no reino de Azeleb" (que significa beleza ao revés). Con ela, os autores utilizan a música como recurso didáctico para trasladar, sobre todo aos nenos, a importancia que ten a correcta xestión dos residuos que xeramos a diario



para poder gozar dunha contorna limpa e saudable. De feito, os promotores da iniciativa esperan que, con ela, se logre incrementar a conciencia e a sensibilidade ambiental da poboación a través da música, a linguaxe universal por excelencia.

A representación, dirixida polo Director da ESMU e banda municipal de Vilagarcía, Jesús Nogueira, narra a viaxe que o príncipe Lino fai polo seu reino para converterse en Rei. Neste percorrido atoparase con diversos personaxes que lle mostrarán a importancia dos oficios que desempeñan e como xestionan os residuos que producen. Xunto cun narrador, un total de nove instrumentistas participan na representación do "musiconto", interactuando co público en todo momento e interpretando a banda sonora.



Mira a representación "O Príncipe Lino no reino de Azeleb" en YouTube



SUBIR

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policíaes galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo? Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade



Vidro triturado tras ser recuperado da bolsa negra

A reciclaxe do lixo en masa incrementouse case un 300% en só seis meses

A entidade pasou de separar 4.814 toneladas de material entre xaneiro e xuño de 2013 a 18.799 toneladas no mesmo período deste ano

Cifras de récord. Nos primeiros seis meses do ano en curso, Sogama incrementou a súa contribución á reciclaxe do lixo en masa nun 290,51 por cento. Se no mesmo período do 2013 a entidade lograba separar 4.814 toneladas de material para remitir aos centros recicladores, fundamentalmente aluminio, férrico e aceiro residual, no 2014 esta cifra subiu ata as 18.799 toneladas. Estes bos resultados foron debidos, sobre todo, á incorporación da selección do vidro.

A Dirección de Sogama non dubidou en sumar este material, contido no residuo convencional, ao proceso de reciclado, evitando así a súa acumulación no depósito de inertes do complexo medioambiental de Cerceda, tal e como se estaba a facer dende a súa posta en marcha.

En xaneiro deste ano, o Grupo Daorje (adxudicatario da recuperación do vidro seleccionado no complexo medioambiental de Sogama) poñía en marcha unha planta de cribado. Tras a depuración do material, remítese o vidro á instalación da firma en Verín (Ourense), onde se somete a un novo proceso de limpeza e separación por cores, viaxando desde alí ás vidreiras para ser convertido en calcín e proceder á fabricación de novos envases, pechando o ciclo de reciclado.

Práctica mellorable

Hai que recordar que se este vidro se depositara previamente pola poboación no iglú verde, e non na bolsa negra, as vantaxes serían dúas. Os concellos reducirían o importe da factura a pagar a Sogama e, a maiores, recibirían ingresos por parte do Sistema Integrado de Xestión Ecodividrio.

Tras este logro, o esforzo da empresa pública dirixirase agora cara a recuperación doutros materiais contidos no lixo en masa e que polas súas características sexan susceptibles de ser reciclados.

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policías galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo? Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Actualidade

A Comisión Europea aposta por reciclar o 70 por cento dos residuos no 2030

Outra das medidas propostas é potenciar a recuperación enerxética da parte non reciclable, eliminando o vertido



Pasar dunha economía lineal a unha economía circular. Ese é o gran reto da Comisión Europea. De aí que nunha das súas últimas comunicacións propoña varias medidas. A primeira, o reciclado do 70 por cento dos residuos en 2030 (frente ao actual 42 por cento). Deste xeito, aumentaríase a utilización dos recursos contidos nos mesmos nun 30 por cento e potenciaríase a valorización enerxética da parte non reciclable mediante un uso máis eficiente da mesma.

Así mesmo, a Comisión establece obxectivos específicos para deter-

minados materiais: o 90 por cento para o papel en 2025, o 60 por cento para plástico, o 80 por cento para madeira e o 90 por cento para metais férricos, aluminio e vidro a finais de 2030.

De forma paralela, contempla prohibir arroxar refugallos reciclables en vertedoiro a partir de 2025, reducir os residuos alimentarios un 30 por cento e diminuír tamén na mesma porcentaxe o lixo mariño para 2020.

O fin último destas medidas é que a reutilización, a reparación e o reciclado se convertan na norma de actuación, logrando ao mesmo tempo unha Europa máis competitiva. Outra consecuencia paralela é o aumento do PIB en preto dun 1 por cento e a creación de 2 millóns de postos de traballo extra, ademais de minorar as emisións entre un 2 e un 4 por cento.

[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policías galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo? Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

Multimedia

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia



Planeta Verde (11º capítulo): Preparándonos para o Nadal!

Pode parecer moi pronto porque aínda hai nada se acabou o verán... Pero se queres facer coma os nosos amigos galácticos e ter na túa casa unha árbore de Nadal "reciclada", cómpre que vaías apuntando ideas e xuntando as botellas de plástico! Que che parece?

[Ver vídeo...](#)

Sogama crea unha app para Smartphones

A nova app gratuíta para teléfonos móbiles (Android e IOS) creada por Sogama pretende achegarse aos cidadáns por medio dunha ferramenta moi usada na actualidade: o smartphone. A través desta aplicación, Sogama quere instruír os cidadáns na correcta separación das distintas fraccións de residuos e posterior depósito das mesmas nos contedores de recollida selectiva ubicados nas vías públicas.

A aplicación recolle información detallada acerca dos refugallos a introducir en cada recipiente e o circuito que estes deben percorrer para facilitar o seu posterior reciclado.

A maiores, dispón de dúas funcionalidades. Por unha parte, o apartado "Sabías que..." con datos e curiosidades de interese no ámbito da concienciación e sensibilización social en materia de medio ambiente. Pola outra, un xogo no que se debe identificar o residuo que aparece en pantalla e o contedor de destino.

Para un maior achegamento aos usuarios, a app está adaptada a teléfonos móbiles con sistema operativo Android e IOS (iPhone).



[SUBIR](#)

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policíaes galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo?
Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Multimedia

Máis de 8.000 seguidores nas redes sociais Facebook, Tuenti e Twitter

A entidade está presente nas tres redes baixo o lema "Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama"

As redes sociais de Sogama suman nestes momento 8.231 seguidores que se interesan pola actividade desta empresa pública en todas as súas facetas e máis se cabe no eido da educación ambiental. Baixo o lema "Por unha Galicia sostible, educación ambiental Sogama", a entidade pública está presente en [Facebook](#) (2.568 seguidores), [Tuenti](#) (2.628) e [Twitter](#) (3.035).

Se ben a xestión dos residuos urbanos constitúe a temática central das tres redes, a empresa aproveita ao máximo a oportunidade que lle ofrecen as novas tecnoloxías para abordar outras cuestións medioambientais que alcanzan ao cambio climático, o medio natural, a paisaxe e o transporte sostible.



Xunto co cometido puramente industrial, a educación ambiental constitúe para Sogama a súa outra prioridade, sendo consciente de que se non se conta coa colaboración e participación da poboación, a xestión sostible do lixo resulta inviable. O acceso ás tres redes sociais pode facerse tamén a través da web corporativa www.sogama.es.

Únete á comunidadeSogama nas redes sociais!



Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policías galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo? Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Eventos

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Día Mundial da Poboación



O crecemento da poboación mundial supón todo un desafío para o medio ambiente. Se ben a notable diminución da mortalidade constitúe un dos maiores logros da humanidade, o certo é que un planeta de máis de 7.000 persoas representa un auténtico desafío pola súa repercusión sobre o medio ambiente, a urbanización, o acceso aos servizos de saúde e a sostibilidade en xeral.

Como cidadáns responsables, todos os días se debe reflexionar sobre a contribución que cada un debe facer para o mantemento do planeta. Non obstante, a data do **11 de**

xullo, Día da Poboación, é unha xornada especial para abordar os problemas vinculados ao incremento do número de habitantes no mundo. A efeméride instaurouse en 1989 por recomendación do Consello de Administración do Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD).

Baixo o lema deste ano "Investimento nas mozas", intentouse chamar a atención sobre o seu dereito a unha vida saudable.

Recuwatt 2014, cita de referencia sobre valorización enerxética



O [congreso bianual Recuwatt 2014](#) abordará a mediados de outubro, do 16 ao 17, a súa terceira edición coa pretensión de seguir sendo un punto de referencia no sur de Europa no ámbito da valorización enerxética de residuos. O evento terá lugar no Tecnocampus da cidade catalá de Mataró, dando cobertura, cunha proxección nacional e internacional, ás cuestións de maior interese no sector. De feito, está prevista a participación dunha trintena de prestixiosos relatores expertos na materia procedentes de diversos países, arroupados polo patrocinio de 30 empresas e a colaboración de 11 entidades e asociacións, prevendo un auditorio aproximado de 400 persoas.

Así mesmo, porá de relevo as oportunidades de *networking* mediante o intercambio de experiencias para a xeración de sinerxías e áreas de negocio, apostando polo fomento das pemes, as novidades tecnolóxicas e os proxectos a nivel internacional, nos que se prestará especial atención aos países de América Latina.

Apoio nas TIC

Adicionalmente, promóvese un taller internacional que se centrará nas tecnoloxías de vangarda para a xestión sostible de residuos e a súa potencial aplicación. Celebrarase nos previos ao congreso (13 ao 15 de outubro), contemplándose igualmente visitas técnicas a instalacións de tratamento mecánico-biolóxico e valorización enerxética de última xeración.

Recuwatt 2014 está organizado conxuntamente polo Consorcio para o Tratamento de Residuos Sólidos Urbanos do Maresme e a Axencia de Residuos de Cataluña.



[Web de Recuwatt 2014](#)

SUBIR

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policíaes galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo? Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

Visita ás feiras de Parga e de Barro



Por terceiro ano consecutivo, Sogama estivo presente na XX Feira da Cantería, Callos e Artesanía de Parga-Guitiriz (Lugo). Un grupo de monitores desenvolveu varios talleres e xogos educativos sobre a reciclaxe utilizando refugallos como material base para fabricar un avión con bandexas de porex-pán ou un platillo volante con vasos plásticos de iogur. O obxectivo final foi informar ás familias e aos nenos sobre as boas prácticas ambientais na xestión dos residuos urbanos e da responsabilidade que, neste sentido, a poboación debe asumir. O xogo xigante da reciclaxe tampouco faltou á cita.

Polas mesmas datas, a "Feira de segunda man" de Barro (Pontevedra) tamén contou con talleres de reciclaxe promovidos pola Consellería de Medio Ambiente e Sogama. Neste caso, a reutilización e o consumo responsable foron o eixo temático arredor das que xiraron as actividades guiadas polos educadores ambientais.



Luís Lamas participa no curso "Paisaxe e Territorio" de Guitiriz

Con motivo da súa participación no curso "Paisaxe e Territorio", celebrado o pasado mes de xullo na localidade lucense de Guitiriz, o presidente de Sogama, Luís Lamas, falou da contribución desta empresa pública á protección do medio ambiente e a paisaxe. "O sistema Sogama é unha copia do que se fai nos países máis avanzados da Unión Europea", recordou o executivo. Desta forma, Lamas criticou aos que viñeron cualificando o modelo impulsado por esta em-

presa pública como "obsoleto e contaminante". E isto malia que, non só foi avalado pola UE coa concesión de 72 millóns de euros, senón que esta, a través dunha avaliación *ex post* feita pública a mediados do 2012, acreditou os seus beneficios ambientais, económicos e sociais para Galicia.

Durante a súa intervención, recordou que distintos concellos que no seu momento dixeran non a Sogama, foron logo os primeiros en adscribirse ao seu modelo, véndose desbordadas todas as previsións iniciais.

Non obstante, o presidente da empresa pública mostrouse satisfeito de que, grazas á actividade da Sociedade Galega do Medio Ambiente, o Goberno autonómico conseguira selar e clausurar todos os vertedoiros municipais ilegais contabilizados na nosa comunidade durante a década dos 90. En total, 300 vertedoiros e 3.000 puntos de vertido ilegal.

Emprazamento mellorable

Luís Lamas tamén defendeu a valorización enerxética como tratamento finalista, pero cuestionou o emprazamento da infraestrutura central da compañía, xa que se atopa afastada de núcleos poboacionais. Esta situación impide que a cidadanía se poida beneficiar da calor xerada na mesma. Unha situación que, recordou, non se dá nos países do norte de Europa, onde as plantas de recuperación de enerxía a partir de residuos se sitúan no centro das cidades.

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policías galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo? Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

SUBIR

Síguenos en...



www.sogama.es



Eventos

II Premios Medio Ambiente Aproema

A [Asociación Profesional de Empresas Medioambientais \(Aproema\)](#), da que forma parte Sogama, convoca a segunda edición dos seus premios "Medio Ambiente Aproema" co obxectivo de chamar a atención en torno ás accións dirixidas cara a protección do medio ambiente.



Ata o 15 de outubro poderán presentar as súas candidaturas (por correo electrónico ou CD) entidades públicas ou privadas, así como empresas e centros académicos. Os premios outorgaranse a entidades que no período 2013-2014 se distinguisen polo seu labor na conservación e mellora do medio ambiente en Galicia, na xestión e valorización dos residuos, en campañas de sensibilización ambiental ou noutras actuacións que se consideren de interese.

Este ano introduciuse o apartado de "Recoñecemento Excelencia Ambiental" a unha empresa privada de Galicia para dar a coñecer aquelas experiencias que merezan ser recoñecidas publicamente.

O acto oficial de entrega de premios terá lugar o 27 de novembro no Hostal dos Reis Católicos, en Santiago de Compostela.

Os formularios poden descargarse a través da seguinte ligazón:
<http://www.aproema.com/premiosmedioambienteaproema2014>

Semana Europea da Mobilidade 2014

Do 16 ao 22 de setembro conmemorouse a [Semana Europea da Mobilidade](#) en 2.000 cidades de 47 países rexistrados oficialmente e preocupados por promover alternativas de transporte ao vehículo particular. Este ano durante o evento, que conta co respaldo das Direccións Xerais de Medio Ambiente e Transportes da Comisión Europea, procedeuse á implantación de 8.623 medidas permanentes de mobilidade sostible.

En España, a organización corre a cargo do [Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente \(MAGRAMA\)](#) que finalizou os actos coa celebración do Día sen Coches (22 de setembro), unha xornada coa que se pretende de atopar solucións aos problemas vinculados ao aumento de tráfico nas cidades.



De feito, a temática elixida para este ano foi "As nosas rúas, a nosa elección", para animar aos europeos a crear o tipo de cidade na que queren vivir, promovendo a recuperación de zonas urbanas actualmente dominadas polo automóbil.

SUBIR

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policías galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo?
Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Multimedia

Receitario

[Volver á páxina de inicio](#)

Síguenos en...



www.sogama.es



Receitario

ENTRANTE

Lasaña de cocido

Nivel de dificultad: **1 2 3**
Nº pax: 4

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 200 gr. Xarrete de tenreira dun cocido.
- 80 gr. Lacón dun cocido.
- 1/2 und. Chourizo dun cocido.
- 80 gr. Falda de tenreira.
- 1/2 und. Zanco de polo dun cocido.
- 40 gr. Touciño entrefebrado dun cocido.
- 1 manoxo. Grelos dun cocido.
- 1 litro. Bechamel.
- 12 placas. Lasaña.
- 40 gr. Queixo relado.
- 1,5 dl. Salsa de tomate.
- c/s. Manteiga.
- c/s. Sal, pementa branca e noz moscada.

c/s: cantidade suficiente



ELABORACIÓN:

- Cocer as placas de lasaña en auga salgada e cun pouco de aceite. Escoar, refrescar e colocar sobre
- Dividir a bechamel en dúas partes iguais. A unha parte engadimoslle os grelos branqueados, triturados e pasados polo chino e reservámola no baño María. A outra parte reservámola tamén no baño María, sen mesturar.
- Picar tódalas carnes cocidas, ligar o conxunto cunhas culleradas de bechamel branca.
- Cubrir a base dunha cazola de barro con mollo de tomate, enriba colocamos unha placa de lasaña e alternamos a mestura da carne coa placa ata ter dúas capas de carne e tres placas de lasaña. Cubrimos por riba a metade coa bechamel verde e a outra metade coa bechamel branca.
- Esparexer con queixo relado, dispor uns pedazos de manteiga enriba e dourar ao forno a 230°C.

Entrevistamos a...

Rafael Guinea
Presidente de Aeversu

Juan Manuel Revuelta
Director de la Fundación Finnovaregio

Mundo Sogama

Renovación do convenio de compostaxe doméstica coa Deputación de Ourense

Actualidade

Formación mediambiental para os policíaes galegos

Xa en marcha a terceira campaña de "Separemos ben, reciclaremos mellor"

Sabes como se trata o teu lixo? Apúntate ás visitas guiadas ao complexo de Sogama!

"Musiconto" para concienciar sobre a reciclaxe

A recuperación do vidro na bolsa negra aumenta case un 300%

2030: novos obxectivos da Comisión Europea para a xestión de residuos

Multimedia

Eventos

[Volver á páxina de inicio](#)

SE ES MÁIS DE PEIXE...

Albóndegas de peixe con arroz pilaw

Nivel de dificultad: **1 2 3**
Nº pax: 6

CANTIDADES E INGREDIENTES:

Para as albóndegas:

- 750 gr. Peixe esmiazado.
- 225 gr. Touciño picado.
- 150 gr. Cebola picada fina.
- 150 gr. Miolo de pan remollado en leite.
- 2 unid. Ovos.
- 1 copa. Xerez ou viño branco.
- c/s Allo e perexil picado.

Para o arroz:

- 300 gr. Arroz.
- 100 gr. Cebola.
- 1/2 l. Caldo de peixe.
- c/s. Aceite.

Para o mollo de tomate:

- 1/2 Qg. Carne de tomate.
- 2 dentes. Allo.
- 1/2 und. Cebola picada.
- 1 culler. Pemento doce.
- 2 dl. Caldo.

c/s: cantidade suficiente



ELABORACIÓN:

Para as albóndegas:

- Amasar en frío os ingredientes do recheo (peixe, touciño, cebola, miolo de pan, ovos, xerez ou viño branco, allo e perexil), procurando formar unha masa ligada.
- Coa masa anterior, facer unhas boliñas e fritir en aceite. Reservar.

Para o arroz:

- Dourar a cebola, engadir o arroz e botar o caldo. Deixar ferver 20 minutos.

Para o mollo do tomate:

- Nunha tixola, dourar a cebola e o allo, botar unha culler de pemento doce e engadir a carne de tomate. Deixar ferver 5 minutos.
- Botar as albóndegas na salsade tomate e ferver 3 minutos.

PRESENTACIÓN:

- Nun prato dispoñer as albóndegas co mollo de tomate e acompañar co arroz pilaw.

SE PREFIRES CARNE...

Tenreira Stroganoff

Nivel de dificultad: **1 2 3**
Nº pax: 4

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 650 gr. Filetes de tenreira feitos e cortados en tiras de 1 cm. de grosor.
- 80 gr. Cebola.
- c/s Manteiga.
- 1 dl. Aceite.
- 1 dl. Viño branco.
- 2,5 dl. Tona.
- 1 dl. Mollo de carne ou dun guiso.
- c/s Sal.
- 1 culleradiña. Mostaza.
- 1 culleradiña. Cogombros picados finos.
- c/s Pementa branca moída.
- 200 gr. Arroz cocido en caldo con allo.

c/s: cantidade suficiente



ELABORACIÓN:

Para o Stroganoff:

- Dourar en manteiga a cebola.
- Agregar o viño branco e deixar reducir. Incorporar a tona e darlle un fervor para que reduza. Engadir o mollo de carne e a mostaza. Deixar reducir e engadir os cogombros. Meter a carne no mollo.
- Quentar o arroz e poñelo no centro do prato.

PRESENTACIÓN:

- Pór no centro do plato o arroz. Colocar a carne e mais o mollo arredor do arroz.
- Decorar cunha herba aromática. Servir moi quente.

SOBREMESA

Quesadillas con amorodos

Nivel de dificultad: **1 2 3**
Nº pax: 4

CANTIDADES E INGREDIENTES:

- 4 unid. Ovos.
- 125 gr. Queixo fresco de untar.
- 2 unid. logures.
- 250 ml. Leite.
- 250 ml. Tona.
- 175 gr. Azucre.
- 75 gr. Maizena.
- 120 gr. Fariña.
- 250 gr. Amorodos grandes.
- 190 gr. Amorodos triturados e coados.
- 80 gr. Zume de laranxa.
- 50 gr. Auga.

c/s: cantidade suficiente



ELABORACIÓN:

Para as quesadillas:

- Pór todos os ingredientes nun recipiente e triturar coa batidora ata que quede unha pasta cremosa.
- Forrar un molde con papel de forno e meter a mestura ao forno a 170°C durante 45 minutos ou ata que a agulla saia limpa ao pinchala. Arrefriar e desmoldar.

Para os amorodos:

- Quentar o zume, o puré e o azucre ata uns 60°C.
- Verter enriba dos amorodos grandes cortados en cuartos.
- Reservar en frío.

PRESENTACIÓN:

- Nun prato sopeiro colocar uns poucos amorodos coa salsa e poñer enriba destes un anaco de tarta.
- Decorar cunha folla de menta e servir.

Síguenos en...



www.sogama.es

